

DA INCLUSA AO LAVADOIRO DE CORNES

Marilar Aleixandre

Unha iniciativa da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

O texto deste roteiro é froito da colaboración coa Concellaría de Cultura do Concello de Santiago de Compostela en 2010

A súa xeorreferenciación na sección "O Territorio do Escritor/a" da web da AELG (www.aelg.org) foi posíbel grazas a un convenio coa Consellaría de Cultura e Turismo en 2011

asociación de escritores  **en lingua galega**



Ódiote campo fresco

No Hospital Real de Santiago, hoxe Hostal, había un torno para as nais solteiras ou carentes de recursos depositaren os naipelos con destino á Inclusa. Rosalía de Castro, que naceu o 24 de febreiro de 1837 na parroquia de Cornes, non pasou por ese torno. Porén foi bautizada na capela, facendo constar na acta do bautismo ser filla de pais incógnitos e non levar un número por "*no haber pasado a la Inclusa*". Arrepíanos hoxe ler esa frase, testemuña do destino de moitos fillos naturais. Co nacemento dun deses nenos comeza o relato "Hospicianos", no meu libro *O Coitelo en novembro*.

Iniciamos na praza do Obradoiro este roteiro da man de Rosalía nena. Rosalía viviu en Santiago de Compostela durante a súa adolescencia, uns anos cruciais na formación intelectual e sentimental. Numerosos enderezos poderían levar unha placa co seu nome: Bautizados 6, onde viviu con súa nai dos trece aos dezanove anos; Mercado Vello 7, 2º (agora Praza da Universidade); as rúas Calobre (tras de Salomé), e Senra onde naceron seus fillos Aura e Adriano, ou Altamira 2 e Hórreo 9, onde viviu entre 1878 e 1879. Con todo, as pegadas máis fondas de Santiago en Rosalía son as reflectidas nos seus poemas. Un exemplo é a enumeración, en "Adiós" de *Follas Novas*, de lugares de Santiago dos que se despide a que marcha:

*¡Adios! montes e prados, igrexas e campanas,
¡Adios! Sar e Sarela, cubertos d'enramada,
¡Adios! Vidán alegre, moiños e bondanadas,
Conxo o d'o craustro triste y as soedades prácidas,
San Lourenzo ó escondido, cal un niño antr'as ramas.
Balvis, para min sempre o d'as fondas lembranzas,
Santo Domingo, en donde cant'eu quien descansa,
Vidas d'a miña vida, anacos d'as entrañas.*

A beleza dos campos de Cornes cubertos de lirios e rosas é tamén cantada noutro poema de *Follas Novas*. Non procede debater sobre se considerar ou non Santiago como lugar de nacemento de Rosalía. Cornes, a meta do roteiro, pertencía daquela a Conxo, e está como el integrado en Santiago desde 1925. O relevante, desde o punto de vista literario, é que en Rosalía Cornes parece simbolizar o paraíso perdido. Aínda que nel "*as rosas tamén fan guízos*". Amar tanto un lugar, lembralo desde a desposesión con tal intensidade, pode levar a odialo, se habemos crer á terceira parte do poema "En Cornes":

*Ódiote campo fresco,
C'os teus verdes valados,
C'os teus altos loureiros
Y os teus camiños brancos*

Se non cremos de todo é por ser o odio, neste caso, só unha expresión extrema da paixón.

Amantes ilexítimas e amores contrariados

Seguindo os pasos de Rosalía, en dirección ao lugar onde entrou en contacto co mundo da literatura, beireamos a catedral por Praterías. Nesta fermosa praza resoan as voces de Federico García Lorca e Ramón del Valle Inclán que, xunto a Rosalía, nos acompañarán neste roteiro.

Valle Inclán sitúa en Praterías "Mi hermana Antonia", un dos relatos de *Jardín Umbrío*. Esta historia de feitizos, pactos diabólicos e amores contrariados está narrada polo irmán da protagonista, que nos informa desde o comezo da morte de Antonia sendo el neno.

En decembro de 1935 a editorial Nós, dirixida por Ánxel Casal, alcalde galeguista e republicano de Santiago, asasinado o ano seguinte ao inicio da guerra civil, publicaba *Seis poemas galegos* de García Lorca, prologados por Eduardo Blanco Amor, quen revisou o galego. Ambos escritores sufriron de amores contrariados, clandestinos, ao non ser o amor homosexual aceptado polos conservadores. Un dos poemas é un "Madrigal á cibdá de Santiago"; noutro Lorca compón unha tenra "Canzón de cuna para Rosalía de Castro, morta". Entre Praterías e a Quintana transcorre a "Danza da lúa en Santiago":

*¿Quén brúa co-este xemido
dímense boi melancónico?
¡Nai: É a lúa, a lúa
coronada de toxos,
que baila, e baila, e baila
na Quintana dos mortos!*

Lorca aprópiase do imaxinario galego, coroando de toxos unha lúa que brúa como un boi. Tamén o vento brúa como unha vaca na súa cantiga de berce para Rosalía. No inverno o vento brúa decote na Quintana, aloumiñando o longo muro do mosteiro de Antealtares, louvado tanto por Otero Pedrayo como por arquitectos contemporáneos, por exemplo Aldo Rossi. Nun deses seráns de inverno a narradora de "Xoana de Castro atravesa a Quintana", un dos relatos do meu libro *Lobos nas illas*, ve ou cre ver a Xoana de Castro proa ao vento. Talvez non poidamos considerar a Xoana de Castro, soterrada na catedral, como unha das amantes ilexítimas (se é que hai algún amor que non sexa lexítimo) que habitan en Santiago. Ao fin, Xoana, irmá de Inés, casou con Pedro I despois dos bispos de Ávila e Salamanca declararen nulo o matrimonio do rei. Dise que a Casa Gótica ou Casa do Rei don Pedro foi o escenario dos amores entre Pedro e Xoana. Talvez fose algunha outra da rúa á que agora nos diriximos, atravesando a Acibechería e a praza de Cervantes, pois non en van recibe o nome de Casas Reais.

Nun lugar no que Casas Reais se ensancha na praza de Salvador Parga encóntrase a sé da Sociedade Económica de Amigos do País, fundada polos ilustrados en 1784, onde Rosalía, a partir de 1850, é dicir con trece anos, estudou debuxo e música, instrución que daquela se consideraba apropiada para as rapazas.

Un pouco máis adiante, se tomamos a rúa Travesa, chegaremos ao Convento de Santo Agostiño onde se situaba, cando Rosalía era moza, o Liceo da Xuventude ou Liceo de San Agustín. Era o Liceo, arredor de 1850, un fervedoiro de actividades culturais e nel Rosalía trabou amizade con galeguistas e republicanos como Aurelio Aguirre e Eduardo Pondal, talvez con Manuel Murguía. Foi no Liceo onde Rosalía protagonizou en 1854, aos dezasete anos, *Rosamunda* de Gil y Zárate, interpretando a amante ilexítima do rei Henrique II de Inglaterra.

A mocidade que se reunía no Liceo estaba sen dúbida influída polos acontecementos da primavera de 1846, o pronunciamento de Solís, a batalla de Cacheiras, o fusilamento dos

sublevados en Carral. O ano da fame de 1853 causou unha fonda impresión en Rosalía, que escribiu un texto sobre o que chama o tristísimo inverno de 1853 no que chegaban á cidade "*bandas de infelices hambrientos que de puerta en puerta iban demandando pan para sus hijos moribundos*".

Profesores de latín: Valle Inclán e Aquilino Iglesia Alvariño

Deixamos a Rosalía representando a triste historia de Rosamunda Clifford e escribindo os seus primeiros poemas e volvemos sobre os nosos pasos á procura do esquivo don Ramón del Valle Inclán, que viviu en Santiago durante dous períodos da súa vida. A nosa ruta lévanos de volta á Praterías e á rúa do Vilar.

No número 15 da rúa do Vilar estivo situada, nos anos da República, a Imprenta Nós e a editorial do mesmo nome dirixidas por Ánxel Casal. Era un centro de reunión dos galeguistas, Luís Seoane, Castelao, Otero Pedrayo, Díaz Pardo, María Miramontes; un pequeno obradoiro onde se editaron revistas como *A Nosa Terra* e *Nós*, libros de poemas como *Mar ao Norde* de Cunqueiro ou *Seis poemas galegos* de Lorca, e propaganda política dos partidos e asociacións de esquerda.

Na mesma rúa do Vilar, no número 66, estivo até o ano 2006 a librería Galí, que se gababa de ser a máis antiga de España, pois foi fundada en 1872. Funcionou tamén como editora, dando ao prelo libros tan destacados como a *Guía de Galicia*, de Otero Pedrayo, o libro de cociña de Picadillo ou *La casa de la Troya* de Pérez Lugín, e reeditando as obras de Rosalía. Era esta librería un dos lugares preferidos de Valle Inclán nos seus anos de estudante en Compostela, de 1885 a 1890. Outros eran o Ateneo Compostelano ou o Café del Siglo, e sabemos que unha das súas favoritas era a Casa das Pomas, da rúa Nova. Valle cursou estudos de dereito e tamén de debuxo na Escola de Artes e Oficios, aínda que nunca se interesou demasiado por eles. Nesa época impartía clases de latín para poder dispoñer dalgúns cartos, aínda que non nos chegaron testemuñas dos seus afortunados discípulos.

Sáímos da rúa do Vilar e, pasando polo Toural, seguimos até a Porta da Mámoa, onde se encontra o *Café Derby*, fundado en 1929, lugar de faladoiro de Valle Inclán, moitos anos despois, cando en 1935 se retirou a Santiago. Estaba daquela enfermo, ingresado na clínica do doutor Villar Iglesias, na Fonte de Santo Antonio, enfronte do Derby. No faladoiro reuníanse artistas e intelectuais galeguistas como Rafael Dieste, Luís Seoane ou Carlos Maside. Valle Inclán morreu en Santiago a véspera de Reis de 1936 e foi soterrado no cemiterio civil de Boisaca logo dun accidentado enterro no que a treboada, a chuvia e o aparato meteorolóxico acompañaron disputas que poderían pertencer a unha das súas obras.

Desde a Porta da Mámoa, seguindo pola Senra até a esquina con Fuenterrabía, pasamos por diante do local onde estivo o café Español, no que se reunía outro faladoiro nos tempos da posguerra, o de Fermín Bouza Brey.

Pasamos pola Porta Faxeira e, na Alameda, situámonos fronte ao Instituto Rosalía de Castro, que comezou a funcionar a principios do século XX como Instituto Feminino, logo de que en 1910 se permitise ás rapazas matricularse nos institutos. Nel deu clase de latín, de 1952 a 1961, ano da súa morte, o poeta Aquilino Iglesia Alvariño. Neste caso si contamos con testemuñas dalgunha das súas alumnas no último curso, como Susana López Facal, que o lembra como un home elegante e cordial, que se dirixía a elas como seres racionais, e non, como facían outros profesores "como se fósemos medio parvas". Nas súas clases relacionaba sempre o latín ensinado coa lingua galega, e interesábase polo léxico e

fraseoloxía galega das súas vilas e aldeas. Este interese pola lingua é unha constante na súa obra que comprende tanto poemas como cuidadas traducións dos clásicos latinos.

Iglesia Alvariño, que talvez non é considerado como merece, é o autor de *Cómaros verdes*, o primeiro libro publicado en galego despois da guerra, en 1947, en edición de autor.

*Nos seus brazos xa morreu unha tardiña namorada
Enterráron-a as carballeiras
no cadaleito pequeniño dun cantar*

O lavadoiro de Cornes e o banquete de Conxo

Cruzamos a Alameda para saír ao Camiño Novo, unha rúa que agora leva o nome de Rosalía de Castro, procurando a Casa da Parra onde naceu. A casa, situada a poucos metros do fielato onde se cobraban as taxas municipais, xa non existe e no seu lugar, na actual praza de Vigo, un monumento lembra a Rosalía. A parroquia de Cornes, pertencente ao concello de Conxo, tiña un carácter rural reflectido nos poemas que Rosalía lle dedica:

*Antre as pedras, alelises;
antre os toxos, campanillas;
por antre os musgos, violas;
regos por entre as cortiñas.
Río abaixo está o moíño,
Compostela río arriba...
Río arriba ou río abaixo,
todo é calma na campía.*

A Cornes pertencía tamén o Cruceiro de Ramírez, que Rosalía describe como "*solitario / dos Agros na esplanada, antre as rosas dos campos*". Se pensamos que este cruceiro solitario se encontraba aproximadamente onde hoxe está a Praza Roxa, entenderemos canto se transformou a parroquia desde o tempo de Rosalía. Sen dúbida un elemento importante nesa transformación foi a construción da primeira liña de ferrocarril de Galicia, de Cornes a Carril, e da estación de Cornes en 1873. Isto levou á instalación de almacéns ao seu redor e a un aumento da actividade económica da zona.

Por fortuna o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Santiago estableceu a preservación do lugar de Cornes como un núcleo diferenciado, con fasquía de aldea. Así, se desde a praza de Vigo tomamos a avenida de Vilagarcía e cruzamos Romero Donallo, continuando uns metros pola mesma avenida e collendo a primeira bifurcación á esquerda, encontraremos nun conxunto de casas e rúas que poden darnos unha idea de como era toda esa área de Santiago a finais do século XIX. Camiñando por este lugar encontraremos a fonte e o lavadoiro de Cornes, cantado por Rosalía. Nun fermoso entorno, amparado por un carballo, rodeado de sabugueiros, roseiras, loureiros e silvas que en setembro se cargan de amoras, o lavadoiro que substituíu a principios do século XX a pequena poza que coñeceu Rosalía encóntrase nun estado lamentábel, cheo de botellas de plástico e outros lixos. Esperemos que esta situación cambie.

Aquí finaliza este itinerario seguindo as pegadas de Rosalía. Aínda que, se temos azos, podemos continuar en dirección ás árbores que quedan do que foi a carballeira de Conxo, onde o 2 de marzo de 1856 se celebrou o Banquete de Conxo, un acto político de irmandade entre obreiros e estudantes a iniciativa de Aurelio Aguirre. Suscitou o anoxo dos poderes establecidos, que rodearon a carballeira de soldados. Sabemos que nel faláron

Aguirre e Pondal. Participou Rosalía no banquete? Talvez participou, aínda que non consta a súa presenza. Mais neses tempos considerábase que ás mulleres lles correspondía un papel secundario, e é posíbel que non se rexistrase. Ou pode ser que, debido a esta mesma razón, non participase nel. Mentres non aparecen novos datos, temos o que Rosalía nos deixou: os seus libros.